

En Begonte, un día!

Foi en Begonte,
unha estrela no alto ceo
unha luz, unha arela, un misterio
unha esperanza certa que remata co secreto
no medio da noite negra, no medio do frío inverno.

Aínda hoxe,
cando chega o tempo
nótase no aire o seu regreso.
Recende o fume das cociñas das casas,
na orixe do fogar, na calor xorde o nacemento.

É a morada dos encontros,
onde se anovan apertas, memorias,
nostalxias caídas entre as folerpas de tenrura
ao redor dun lume, e pasan a formar da vella irmandade
que degrae muxicas, esencias de paz e novas vontades.

E quizais este ano,
debido ás causas que sabemos,
poderemos apartar mellor dos sucedáneos,
daquel embriagado concepto que perturbaba o Nadal
e esquecía, precisamente o amor.

Volveremos pasmar
ao redor da familia, non moita xente,
no abrigo dos afectos e coa ansia das esperanzas
lonxe dos rúidos, co seu significado de sempre
esa dimensión que marca un novo ciclo,
o rexurdimento dunha nova Luz,
que en realidade é tan antiga como o mundo.

Di a historia
que foron alá, moi lonxe, os feitos aqueles
que se queren evocar, mais calquera lugar do mundo
podería ser aquel Belén, o de Nazaret.

Na mesma Terra Cha,
onde se repite, ano tras ano, sen estridencias,
cando chega o frío, aquel feito glorioso
de cando vence a Luz ás tebras.

Celébrase en Begonte
e coa auténtica espiritualidade dun modesto Portal,
tamén coa calor dos corazóns chairegos,

só submisos aos salmos do amor.

Veñen pastores, labregas e labregos,
ferreiros, zoqueiros, escritoras, pintores, poetas
tecedeiras do tear que tece as esperanzas
ao pé de cada horizonte e coa memoria das nostalxias.

Chegan coa manteiga e o mel de agasallo.
Hai xograres e trobadoras
que nun tempo novo
que cantan arrolos e panxolas.
Cando recende o Nadal,
móvense as figuras ano tras ano, para dar a Boa Nova
que naceu O Neno na Noiteboa.

A fariña miúda
botada a man fai o milagre da neve.
Pontes, ríos de prateado leito reflicten as estrelas
que locen no medio das nubes de algodón
prendidas cun fío, coas vivas arelas.

Camiños, lugares, muíños,
e ao lonxe, no alto, o castelo de Herodes;
e os Magos que irán vindo a poucos,
cargados de ilusión e soñados obsequios.

Celebraremos a ledicia de chegar por fin
ao Portal e alí poder cantarlle, en galego,
afagos e arrolos, tenruras de alentos
e o desexo de paz, que recende amores
na fe de altos ceos.

O noso nacemento,
tivo que ser en Begonte,
pois gardan a feliz memoria daqueles momentos.

-----0000-----